

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 1 de xullo de 2011 pola que se declaran aptos na fase de prácticas os opositores que superaron o procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado pola Orde do 11 de marzo de 2010 (Diario Oficial de Galicia do 25 de marzo).

A Orde do 11 de marzo de 2010 (DOG do 25 de marzo) pola que se convoca proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres e para adquirir a habilitación en novas especialidades establece, na súa base décimo terceira, que os aspirantes que resulten seleccionados quedan obrigados a incorporarse aos destinos que a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos lles adxudique para a realización da fase de prácticas.

Pola Orde do 30 de xullo de 2010 (DOG do 24 de agosto) nomeáronse funcionarios en prácticas do corpo de mestres os opositores que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2010 (DOG do 25 de maio).

Pola mesma orde nomeouse funcionaria en prácticas a Montserrat García García, seleccionada no procedemento selectivo do ano 2009, que tiña concedido o aprazamento da fase de prácticas.

Finalizada a fase de prácticas e vistas as propostas efectuadas polas comisións avaliadoras, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro. Declarar aptos na fase de prácticas e aprobados definitivamente os mestres seleccionados no procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado pola Orde do 11 de marzo de 2010 (DOG do 25 de marzo), agás Ana Barreiro Camiña e Beatriz Teixeira Presas, por ter concedido o aprazamento da fase de prácticas.

Segundo. Declarar apta na fase de prácticas a Montserrat García García, que tiña concedido o aprazamento da fase de prácticas, tendo superado o proceso selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11 de maio).

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria